



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expte: 2025/G007/000013

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día 22 de abril de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 176 de data 21 de abril/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 08.04.2025 (ORDINARIA).-

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 08.04.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DA OBRA: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO-FUNCHAL PLAN AGADER 2024-2025 (ADXUDICACIÓN), NÚMERO DE EXPEDIENTE 2024/C003/000005.-

“EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO-FUCHAL – PLAN AGADER 2024/2025

Expte.- 2024/C003/000005

Visto o expediente de contratación da obra indicada cos seguintes datos e antecedentes:

A Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2024 aprobou o expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Reforzo de Rodadura nos Camiños de Martices e Outeiro-Fuchal incluído no plan AGADER na súa anualidade 2024/2025.

Proxecto redactado por D. José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colegiado nº 978 COAATAC. Importe total proxecto: 64.994,75 euros (IVE engadido). IVE: 11.280,08 euros, prezo sen IVE: 53.714,67 euros.

Licitación: procedemento aberto cun único criterio de adxudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na plataforma de contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante e presentadas as ofertas, en sesión de 8 de agosto de 2024 a Mesa de Contratación aperturou e examinou a documentación do sobre "A", resultando admitir aos licitadores Avanza Environment, S.L. e José No Mantiñan e Hijos ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 26 de agosto de 2024 a mesa de contratación celebra sesión para a apertura e valoración dos criterios evaluables automaticamente;

Vista a oferta económica e aperturado o sobre "C" (Oferta económica e referencias valorables automaticamente), presentada por JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. na que se fai constar que:

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA)

A) Prezo sen IVE: 53.710,00 euros.

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe 11.279,10 euros.

C) Total (A+B): 64.989,10 EUROS.

E vista a económica e aperturado o sobre "C" (Oferta económica e referencias valorables automaticamente), presentada por AVANZA ENVIROMENT, S. L. na que se fai constar que:

4. .- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SO EN NUMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE 51.200,00 euros.

B) imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :21 %. Importe 10.752,00 euros

C) TOTAL (A+ B) 61.952,00 euros

Efectúase a valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 53.714,67 euros, resultando:

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

100% factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 53.710,00 euros.- Baixa (%) 0,01%.- Puntuación.- 0,05

NIF: B70385125 AVANZA ENVIRONMENT, S. L.

100% factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 51.200,00 euros.- Baixa (%) 4,68%.- Puntuación.- 21,84

Polo que a oferta presentada por AVANZA ENVIONMENTE, S. L. resulta unha oferta anormalmente baixa. Por seguinte a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes na sesión de data 26/08/2024 acordou requirir á empresa AVANZA

ENVIRONMENT para que xustifique a súa oferta conforme ao apartado 15.4.4 do prego de clausulas administrativas que rexen a contratación.

En data 06/09/2024 baixo o rexistro de entrada número 202499900001501 o licitador AVANZA ENVIRONMENT, S. L. presentou a documentación xustificativa da oferta incura en baixa temeraria sendo trasladada aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe sobre a xustificación ou non da baixa anormal.

En sesión celebrada en data 17/10/2024 tomouse razón do informe técnico referido á xustificación da oferta económica presentada por AVANZA ENVIRONMENT, S. L. no que se expón :

“(…)

1. A empresa AVANZA ENVIRONEMNT, S.L. presentou unha memoria xustificativa o día 06.09.2024 (núm. rex. 202499900001501), parcialmente axustada ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1.XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 "Justificación de los precios ofertados" da memoria, como son:

- *Proximidade da empresa (lugar de San Ramón núm.2, Moeche) ao ámbito das obras.*
- *Importa relación coas industrias e subministradores locais.*

A.Materiais:

A.1 Compra:

- *Achégase carta de compromiso de subministro das seguintes empresas:*

- . Gomez y Compañía, S.L. para os áridos.*
- . Quimiasfalt, S.L.L. para a emulsión asfáltica.*

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia:

- *Non se detallan.*

B.Maquinaria:

B.1 Alquiler:

- *Achégase unha táboa de tarifas de aluguer da maquinaria, sen indicar empresa á que se aluga.*

B.2 Medios propios:

- Non se detallan.

C.Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase unha oferta económica dunha obra que non se corresponde coa obxecto de licitación.

2.VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios 2022 e 2023.

3.RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- *Achégase declaración da empresa indicando que o cadro de persoal da empresa que se destinará á está formado por 2 persoas, que os custes laborais fixos mensuais da empresa ascenden a 3.169,95 € e que o volume de obra en execución ascenden a 197.607,64 €.*
- *Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.*
- *Achégase declaración da empresa do persoal que se adscribirá á obra, formado por 7 traballadores, que non se corresponde co número de traballadores que forman parte do plantel da empresa, tendo en conta ademais a declaración presentada de non subcontratación de ningunha unidade de obra.*
- *Non se achega nómina dos traballadores.*

4.CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- *Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos seus traballadores.*

5.RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

- *Achégase declaración da empresa que non se subcontratará ningunha unidade de obra.*
- ii. *Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa AVANZA ENVIRONEMNT, S.L. **non queda xustificada a oferta económica presentada, tendo que considerarse unha oferta economicamente desproporcionada.***

*Este é o meu informe que, composto de 3 follas numeradas, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra denominada: “**Reforzo de rodadura nos camiños de Martices e Outeiro- Funchal**”*

(...)"

Visto o informe técnico antedito, a Mesa de Contratación propuxo rexeitar a oferta económica presentada pola empresa AVANZA ENVIRONMENTO S.L. e formular a proposta de adxudicación a favor da empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A., NIF A15013162; motivado en que é a seguinte oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria; previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicatario do contrato.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 22/10/2024 acordou:

“Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que se detalla a continuación para a execución de contrato de obra: Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal-Plan AGADER 2024/2025:

PREZO:

- A) Prezo sen IVE **53.710,00 € euros**
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVA) Porcentaxe 21%. Importe **11.279,10 euros.**
- C) **TOTAL (A+B) 64.989,10 € euros.”**

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación:

- a) **A garantía definitiva** (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 2.685,50 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra Reforzo de Rodadura nos camiños de Martices e Outeiro-Fuchal do Plan AGADER 2024/2025
- b) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (**AEAT**)
- c) **Certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**) en virtude da cláusula 16.1.9.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.”

A empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. atendeu en prazo o requirimento (núm. de rexistro 202499900001869 de data 29.10.2024) e tras efectuar as comprobacións pola Sra. Secretaria do Concello, de cumprimento do establecido na cláusula 16.1 do Prego, e que constituíu a garantía definitiva e que consta acreditado no expediente non ter débedas con Concello.

Visto que en sesión celebrada pola mesa de contratación en data 17 de decembro de 2024 relativa á *revisión das sesións anteriores e a adopción de acordos pertinentes* a devandita mesa:

- a) Ratificou a sesión de data 08/08/2024 correspondente á apertura e calificación administrativa do sobre A constatando que se presentaron dúas empresas:

Avanza Environment, S. L. – NIF: B70385125

José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. NIF: A15013162

Resultando admitidos ambos licitadores.

b) Ratificou a sesión de 26/08/2024 correspondente á apertura e valoración de criterios evaluables automaticamente, sobre C, na que se puxo de manifesto que a oferta presentadas polo licitador Avanza Environment, S. L. estaba incurso en baixa anormalmente baixa polo que se lle requiriu para que xustificase a súa oferta.

c) Ratificouse a sesión de data 17/10/2024 correspondente á toma de razón do informe técnico de data 14/10/2024 relativo á xustificación da oferta económica presentada polo licitador Avanza Environment, S. L. na que se pon de manifesto que non queda xustificada a oferta económica presentada e debe considerarse unha oferta economicamente desproporcionada.

Por conseguinte na sesión de data 17/12/2024 ratificouse a proposta de adxudicación a favor de José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. –NIF A15013162 motivado en que é a seguinte oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria previa presentación da documentación para ser adxudicatario do contrato, documentación que xa foi aportada polo licitador en data 29/10/2024.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adxudicarlle á empresa NIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: “REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MARTICES E OUTEIRO-FUCHAL – PLAN AGADER 2024/2025 ” no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 53.710,00 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 11.279,10€
- c) Total (a+b): **64.989,10 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado que é a seguinte oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria;

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 64.989,10 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado número 978 COAATAC.

QUINTO.- Notificar este acordo aos interesados no expediente administrativo, según o disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar a formalización da presente contratación no Perfil do contratante, ao abeiro do previsto no artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente) ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000005).

3º.- APROBACIÓN DE ACIVIDADE E PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DEPORTIVO DE XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O LONGOIRO REFLECTIDO NA “ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS EDUCATIVOS, CULTURAI E DEPORTIVOS” AOS EFECTOS DE SUFRAGAR OS GASTOS QUE SOPORTA O CONCELLO, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2024/D002/000024.-

“PROPOSTA DE ACTIVIDADE E PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DEPORTIVO DE XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O LONGOIRO REFLECTIDO NA “ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS EDUCATIVOS, CULTURAI E DEPORTIVOS” AOS EFECTOS DE SUFRAGAR OS GASTOS QUE SOPORTA O CONCELLO.

Proposta de Alcaldía:

-Visto o (...) Informe-Proposta do técnico do Departamento de Deportes do Concello de Valdoviño en relación as cotas por prestación do servizo deportivo de ximnasio do polideportivo municipal O Longoiro, de data 6 de febreiro de 2025, no que se pon de manifesto que según o artigo 3 da Ordenanza reguladora do prezo público por prestación de servizos educativos, culturais e deportivos

(...)“*Otras actividades de formación deportiva. Los costes se atenderán, de acuerdo con lo preceptuado por la ley, a la cobertura de los gastos de organización, minorados en lo posible por la parte subvencionada por instituciones públicas o patrocinadores privados. Para cada actividad se elaborará el correspondiente estudio de costes.*” (...)

-Vista a subvención concedida ao Concello de Valdoviño pola Xunta de Galicia (código DE401C) nos anos 2023 e 2024 para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, a través de cal adquiriuse o seguinte material:

- 2 cintas de correr
- 2 bicicletas estáticas
- 2 bicicletas elípticas
- 3 bancos de pesas
- 2 kits de barras e discos.

Añádese o material xa existente (do antigo ximnasio no mesmo polideportivo municipal):

- 1 máquina de step.
- 1 máquina multifunción.

Estudio de costes.

-Plantéxase a apertura do ximnasio nos meses de outubro a xuño, ambos incluídos.

- É responsable da apertura, control de acceso, custodia, control e peche do ximnasio a persoa contratada (conserxe) pola empresa adxudicataria do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do polideportivo municipal O Longoiro.
- O uso do ximnasio será sen servizo de monitor, realizándose a actividade baixo responsabilidade propia do usuario/a, tal como se contempla no regulamento de uso.
- Establécese o servizo deportivo de entrenador/a durante 2 horas semanais, para elaborar e explicar entrenamentos aos usuarios que o desexen.

O total de horas de apertura do ximnasio e do servizo de conserxe é de 24 horas semanais (luns a venres de 18:00 a 22:00, e martes e xoves de 10:00 a 12:00) cun custe-hora actual de conserxería de 12,50 euros máis IVE (21%); 15,12 euros/hora IVE incluído, 362,88 euros/semana, multiplicado por 52 semanas anuais 18.869,76 euros/ano, dividido entre 12 meses 1.572,48 euros mensuais.

No contrato actual o Concello de Valdoviño dispón de 15 horas de libre disposición ao mes que se adicarían a esta actividade (15,12 euros por 15 horas fan un total de 226,80 euros). Restando esta cantidade queda un gasto mensual de 1.345,68 euros, ao que se engade o gasto estimado de auga, electricidade e gasóleo, 100,00 euros mensuais, resultando un total de 1.445,68 euros.

Por outro lado, sinalar que o servizo de conserxería xa está funcionando actualmente no polideportivo municipal O Longoiro case na totalidade do horario plantexado, polo que o custe sería mínimo, e as cotas dos usuarios axudarían a financeiro.

Para poder prestar o servizo de ximnasio no horario plantexado sumaría 6 horas semanais ao horario actual de conserxería (6 horas por 15,12 euros/hora = 90,72 euros/semana, 4.717,44 euros/ano, 393,12 euros/mes).

Polo que o custe “real” de persoal do servizo de conserxería actualmente sería de 393,12 euros/mes.

O custe estimado de entrenador/a sería de 40 euros/hora por 2 horas semanais; 80 euros/semana, 4.160 euros/ano, 346,66 euros/mes.

O custe total de conserxería e entrenador/a sería de 739,78 euros cada mes de servizo, e sumárase un gasto estimado de 100 euros/mes por auga, electricidade e gasóleo, resultando un GASTO TOTAL ESTIMADO MENSUAL de 839,78 euros.

Debido ao espazo reducido do ximnasio establécese un aforo máximo de 7 usuarios ao mesmo tempo.

Plantexanse dúas opcións de utilización para os usuarios;

- 6 grupos horarios de 2 horas semanais (martes e xoves en 6 franxas de 1 hora)
 - 4 grupos horarios de 3 horas semanais (luns, mércores e venres en 4 franxas de 1 hora)
- cun total de 10 grupos horarios, de máximo 7 persoas cada grupo (máximo de 70 prazas para usuarios, estímase que non se cubrirán na súa totalidade)

Estimando a seguinte inscrición de usuarios:

- 20 usuarios na modalidade de 2 horas semanais, cun custe de **16 euros ao mes** (320 euros mensuais)
- 20 usuarios na modalidade de 3 horas semanais, cun custe de **24 euros ao mes** (480 euros mensuais)

INGRESO TOTAL ESTIMADO MENSUAL: 800 euros, que financiarían o custe de horas a maiores que realiza o servizo de conxerxería, o servizo de entrenador/a e o custe de consumibles (auga, electricidade e gasóleo).

Neste contexto, “**co obxectivo de fomentar un estilo de vida saudable e promocionar a realización de actividade física na poboación do Municipio**”, no caso de que o prezo público sexa inferior ao custo do servizo ou actividade, ao tratarse dun servizo que se presta por razóns sociais, culturais e de interese público, o Orzamento Municipal pode prever a dotación suficiente para atender a diferenza resultante e garantir o funcionamento do servizo”.

En virtude das atribucións de control recoñecidas no artigo 213 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, solicítase á Intervención do Concello de Valdoviño a emisión de informe.

Por último, de acordo co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Acordo Regulador dos Prezos Públicos debe adecuarse aos chamados principios de boa regulación, así como adecuarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En virtude do disposto, a devandita proposta cumpre cos principios de necesidade, eficacia e eficiencia pois a iniciativa queda xustificada por unha razón de interese xeral de proporcionalidade, pois queda constatada a correcta cuantificación do seu custo; de seguridade xurídica e transparencia, pois se considera adecuado a dereito e conforme á normativa reguladora local; e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pois as contías estimadas de ingresos e custos non xeran déficit nin superávit de xestión.

ANEXO I. REGULAMENTO DE USO DO XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O LONGOIRO, CONCELLO DE VALDOVIÑO.

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O obxecto deste regulamento é a elaboración das normas e indicacións para o uso do ximnasio municipal, sito no pavillón polideportivo municipal O Longoiro.

ARTIGO 2. HORARIOS, INSCRICIÓN E GRUPOS.

Os usuarios deberán axustarse ós horarios e características da matrícula, cubrindo a folla de inscrición de actividades deportivas e entregándoa cuberta e firmada, no rexistro do Concello de Valdoviño. A admisión está marcada pola orde de inscricións por rexistro, e con prioridade para persoas empadroadas no municipio, ata completar prazas dispoñibles.

Horario: meses de outubro a xuño ambos incluídos, de luns a venres de 18:00 a 22:00 horas, e martes e xoves de 10:00 a 12:00, exceptuando os días festivos.

Existen 2 modalidades de inscrición:

-Opción de 2 horas semanais co custe de 16 euros ao mes.

-Opción de 3 horas semanais co custe de 24 euros ao mes.

Elabóranse 10 grupos, co aforo máximo de 7 persoas por grupo, debido ao tamaño e equipamento da instalación.

Cada persoa só se pode matricular e usar a instalación nun dos seguintes grupos:

MODALIDADE 2 HORAS SEMANAIS (16 euros/mes):

-Grupo 1. Martes e xoves de 18:00 a 19:00.

-Grupo 2. Martes e xoves de 19:00 a 20:00.

-Grupo 3. Martes e xoves de 20:00 a 21:00.

-Grupo 4. Martes e xoves de 21:00 a 22:00.

-Grupo 5. Martes e xoves de 10:00 a 11:00.

-Grupo 6. Martes e xoves de 11:00 a 12:00.

MODALIDADE 3 HORAS SEMANAIS (24 euros/mes):

-Grupo 7. Luns, mércores e venres de 18:00 a 19:00.

-Grupo 8. Luns, mércores e venres de 19:00 a 20:00.

-Grupo 9. Luns, mércores e venres de 20:00 a 21:00.

-Grupo 10. Luns, mércores e venres de 21:00 a 22:00.

O prezo público aplicable é o aprobado pola Xunta de Goberno Local, conforme ao establecido pola correspondente Ordenanza municipal, e á delegación do Pleno Municipal na Xunta de Goberno Local de data 3-04-2025.

A mensuralidade deberá ser aboada nos cinco primeiros días naturais de cada mes mediante transferencia, carta de pagamento, ou coa correspondente domiciliación bancaria.

De non ser así non se poderá utilizar a instalación nese mes.

En caso de baixa débese avisar ao servizo de deportes do Concello de Valdoviño nos 5 primeiros días naturais do mes para que non se faiga o cobro desa mensuralidade. En caso contrario cobrarase a mensuralidade correspondente.

ARTIGO 3. NORMATIVA DE USO DO XIMNASIO MUNICIPAL:

1. Os aparellos ou máquinas que compoñen o ximnasio só poden ser empregados por persoas maiores de 16 anos (os menores de idade terán que ter autorización do pai, nai ou titor legal, quenes se facerán responsables en caso de uso incorrecto). Teñen preferencia na inscrición persoas empadroadas no Concello de Valdoviño. A orde de adxudicación de prazas dispoñibles ven dada pola orde de chegada de inscricións completas por rexistro presencial no Concello de Valdoviño ou pola sede electrónica. Os horarios de uso e os prezos públicos son os establecidos polo Concello de Valdoviño.
2. Os usuarios deberán formalizar á matrícula no rexistro do Concello de Valdoviño ou por vía telemática cubrindo e firmando a solicitude de inscrición. A inscrición da actividade conleva á aceptación das normas de uso e o pagamento do correspondente prezo público.
3. É de obrigado cumprimento o acceso ao ximnasio con roupa e calzado deportivo, así como a utilización de toalla, e deberáse proceder á limpeza de suor nos aparellos unha vez utilizados, a fin de evitar posibles contaxios ou deterioro dos elementos do ximnasio.
4. O tempo máximo de uso é de 30 minutos por máquina (este tempo poderá ser superior en caso non haber persoas esperando para utilizar a máquina correspondente).
5. O tempo máximo de utilización do ximnasio é de 1 hora, según os horarios previstos neste regulamento.
6. O aforo máximo é de 7 persoas.
7. Deberán seguirse as instrucións do persoal técnico, así como as indicacións do responsable da instalación.
8. En caso de padecer algunha enfermidade (hipertensión, diabetes, problemas cardiorrespiratorios, posturais, crónicos ou algunha outra patoloxía, enfermidade ou discapacidade física) deberán presentar certificado médico ou autorización de apoderado ou titor legal, previamente ao inicio de calquer actividade na instalación. Ademáis, é recomendable a todos os usuarios que se sometan a un recoñecemento médico previo á práctica deportiva, en especial persoas que estiveron inactivas durante un período prolongado de tempo.
9. Non se permite o consumo de alimentos. Prohíbese ademáis o ingreso e consumo de bebidas alcólicas, cigarrillos, vapeadores ou sustancias alucinógenas.
10. Os exercicios, movementos, pesos, etc., executaranse baixo a propia responsabilidade de cada usuario, quen debe de absterse de facer exercicios que superen a súa resistencia ou capacidade.
11. É de obrigado cumprimento colocar o material deportivo no lugar correspondente unha vez finalizada a actividade.
12. Os usuarios son responsables dos seus obxectos persoais; o Concello non asume a responsabilidade pola perda de obxectos, xoias, teléfonos celulares, equipos electrónicos ou outros obxectos persoais.
13. Non se permite o acceso de mascotas á instalación durante a estancia no ximnasio.

14. Deben utilizarse as papeleiras e colectores para depositar o lixo.
15. Os usuarios deberán facer un uso responsable da instalación e dos seus equipos. En caso de apreciar algunha incidencia ou avería deberán comunicalo ao responsable da instalación. Según a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por a utilización de instalacións ou equipamentos deportivos e culturais municipais:

(...)“El usuario y, en su nombre la persona responsable que haya formulado la petición de uso, responderá de los deterioros que pudieran producirse en las instalaciones por el uso anormal o indebido de las mismas quedando obligado a la reparación de los daños causados para cuya evaluación y exacción se estará a lo dispuesto en la Ordenanza General de Gestión de Tributos de este Ayuntamiento”.
(...)

16. O incumprimento da presente normativa será motivo da privación do uso do ximnasio.
17. O persoal do polideportivo municipal, así coma o Departamento de Deportes do Concello de Valdoviño, serán os encargados de velar polo cumprimento da normativa e das accións que consecuentemente se establezan por un posible incumprimento por parte dos usuarios.
18. O Concello de Valdoviño non se fai responsable dos accidentes ou lesións que se produzan, por unha actuación negligente ou na práctica deportiva, así como dos posibles roubos na instalación. O vestiario a utilizar será o indicado polo responsable da instalación.
19. En caso de darse de baixa debe avisarse ao servizo de deportes do Concello de Valdoviño.
20. Queda prohibido o acceso ao ximnasio a usuarios con enfermidades infecciosas, lesións ou feridas abertas.
21. O Concello resérvase o dereito de admisión e a modificación da presente normativa.

O técnico municipal do Departamento de Deportes.

(...)

En virtude das atribucións de control recoñecidas no artigo 213 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a Tesourería do Concello de Valdoviño emite informe, en data 7 de febreiro de 2025, respecto a “Ordenanza reguladora do prezo público por prestación de servizos educativos, culturais e deportivos”.

Por último, de acordo co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Acordo Regulador dos Prezos Públicos debe adecuarse aos chamados principios de boa regulación, así como

adecuarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En virtude do disposto, a devandita proposta cumpre cos principios de necesidade, eficacia e eficiencia pois a iniciativa queda xustificada por unha razón de interese xeral de proporcionalidade, pois queda constatada a correcta cuantificación do seu custo; de seguridade xurídica e transparencia, pois se considera adecuado a dereito e conforme á normativa reguladora local; e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pois as contías estimadas de ingresos e custos non xeran déficit nin superávit de xestión.

Tomando nota do indicado, en atención á potestade regulamentaria conferida ás Entidades Locais polo artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local para establecer e esixir prezos públicos a través dos seus propios Acordos Reguladores e de conformidade co disposto no artigo 22.4 da citada lexislación,

PROPOÑO á Xunta Goberno Local adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o prezo público pola prestación do servizo deportivo de ximnasio, para sufragar os gastos directos que derivan da súa organización e atender ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, conforme ao disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Así, o importe do prezo público para cubrir o custo do servizo deportivo prestado será de **“VINTE E CATRO EUROS” (24,00 €, na modalidade de 3 horas semanais) e “DEZASEIS EUROS” (16,00 €, na modalidade de 2 horas semanais) por persoa usuaria**, en atención ao enunciado no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Acordar o número de persoas usuarias por grupo na actividade de ximnasio (10 grupos de 7 persoas), para garantir a continuidade do citado servizo deportivo ofertado polo Concello de Valdoviño, pois a relación de persoas usuarias por grupo alcanzaría para cubrir os custos directos que carrega a realización e organización da citada actividade deportiva.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada á marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/D002/000024).

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/